



Museo Das Peregrinacións
e de Santiago (MNCDII)



Quienes somos los Rroma?

Martes 14 de maio de 2013 ás 19h

Con motivo da mostra de fotografías *Les gens du chemin. Peregrinación a Saintes Maries de la Mer* sobre a peregrinación xitana na vila francesa de Saintes Maries de la Mer e da celebración do Día Internacional dos Museos, o **Museo das Peregrinacións e de Santiago**, acollerá o martes 14 de maio a charla *Quienes somos los Rroma?* que ten como obxectivo achegarnos a realidade cultural e social do pobo xitano e contribuír á ruptura das ideas preconcebidas e os estereotipos.

Sebastián Porras Soto e Manuel Cortés Muñoz, falarán sobre a orixe do pobo xitano, a situación da súa lingua, os seus símbolos, os fitos máis relevantes na historia da súa presenza na Península Ibérica, os roles de xénero e idade así como da importancia da relixión. *Irene Jiménez Cortiñas*, centrará a súa intervención na situación do pobo xitano en Galicia na actualidade e as súas perspectivas de futuro, así como sobre ferramentas de intervención e integración desta entidade con especial referencia á loita contra os prexuízos.

Sebastián Porras Soto é Vicepresidente da Fundació Pere Closa de Barcelona, entidade que traballa na formación e promoción do pobo xitano. Sebastián é licenciado en xornalismo pola Universidade Pompeu Fabra. Ten publicados dous libros de contos. Dende 1998 exerce un intenso labor como conferenciante e contacontos na Fundació Pere Closa.

Manuel Cortés Muñoz é membro fundador da Fundació Pere Closa, Mediador Laboral da Fundación Secretariado Gitano (FSG) e guitarrista.

Irene Jiménez Cortiñas é diplomada en Maxisterio e Mediadora Intercultural da Fundación Secretariado Gitano, que presta servizos para o desenvolvemento da comunidade xitana en España e no ámbito europeo.



Fotografía de Olga Seoane Paulus

Rematarase coa narración oral dunha lenda tradicional xitana a cargo de *Sebastián Porras* acompañado pola música de guitarra en directo de *Manuel Cortés*.

Museo das Peregrinacións e de Santiago
Rúa de San Miguel, 4
Santiago de Compostela
www.mdperegrinacions.com
Tel 981 58 15 58

Entrada libre